



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VAL DO DUBRA

Convocatoria e bases para a elección de xuíz/a de paz substituto do Concello de Val do Dubra.

ANUNCIO

Por Acta do Pleno de data 16/02/2023, procedeuse á aprobación da convocatoria para a elección de xuíz/a de paz substituto do Concello de Val do Dubra, segundo as bases que a continuación se relacionan:

- 1.- Obxecto da convocatoria: Elección de xuíz/a de paz substituto/a do Concello de Val do Dubra.
- 2.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

No Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles dende a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

- 3.- Requisitos dos aspirantes:

Poderán participar na selección as persoas que, aínda non sendo licenciados/as en dereito, reúnan os seguintes requisitos:

- A) Ser español/a.
- B) Ser maior de idade.
- C) Non estar incurso/a en algunhas das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei orgánica do poder xudicial.
- D) Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei orgánica do poder xudicial.

- 4.- Documentación a achegar coa solicitude:

- A) Fotocopia autenticada do Documento nacional de identidade.
- B) Certificación de antecedentes penais expedida polo Rexistro central de penados e rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia a Lei 68/1980, do 1 de decembro, sobre expedición de certificacións e informes sobre conduta cidadá, de non estar inculpado ou procesado.
- C) Certificado ou informe médico de non estar impedido física ou psiquicamente para a función xudicial.
- D) Declaración xurada de reunir os requisitos legais para acceder ao nomeamento de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para exercer o cargo.
- E) Xustificación de méritos que alegue a persoa interesada e declaración de profesión actual.

- 5.- Elección e nomeamento:

As solicitudes presentadas dentro do prazo establecido someteranse á consideración do Pleno do Concello, na primeira sesión que teña lugar, para a elección da persoa idónea de entre as interesadas, co quórum de maioría absoluta dos seus membros.

En Val do Dubra, a 22 de febreiro de 2023

O alcalde

José Manuel Varela Ferreiro